

O Lume

Memorias dun labrego galego

Benito Fontán Rivas

Nun lugar de Galiza, cuxo nome non quero lembrar, vivía un labrego. Non era fraco nem gordo, pero, si, traballador a reo. Non estaba tolo. Era moi cordo. Cando o galo cantaba coas primeiras raiolas do Sol, collía o corno e daba uns bucinazos. O son nos montes rebotaba e en todo o val soaba. Abríanse as cortes. Ovelas e cabras pintaban os montes de branco con manchas marelás das vacas rubias de raza galega, como se caese unha forte nevada. O labrego almorzaba un pouco de leite cun anaco de broa. Monxía as vacas que bo leite lle daban. A súa dona vendíao na vila e facía a compra para facerlle a comida á súa familia. Patacas da horta, viño na adega, millo no piorno para manter o porquiño que lle daba sustento para todo o ano, despois do San Martiño. A leña do monte quentaba a lareira e o frío escorrentaba nas mañas de xeadas. O labrego amaba: A terra, o monte e a leira que lle mantía a vaca, o porco, a cabra, o coello e a galiña que era o sostento de toda a familia.

O alcalde pedáneo e o garda do monte, por orde dun amo, prohibiu o pastoreo e rematou co rabaño. Por catro patacos, traballando coma un escravo,... para o amo,... plantou eucaliptos e piñeiros pero non castiñeiros nem carballos. Por orde do amo outras prohibicións chegaron: Vender o leite, vender o viño, vender a augardente e nen sequera coller un pino para facer leña e quentar o corpiño.

iComo árbore sen follas i
iComo paxaro sen árborei
iComo peixe sen augai , así o labrego quedara.

Canso de tanta aldraxe, colleu a maleta e marchou de "viaxe": él a Alemania, o seu fillo a Francia e a Suiza o veciño. As casas valeiras quedaron na aldea.

Pasaron os anos. Voltou o labrego. Mercou unha leira, para que o seu fillo puidese facer unha casa e quentarse a carón da lareira. Pero díolle o amo: !Para facer unha vivenda non che chega esa leirai.

Dicia noutros tempos Ramón Cabanillas: " O escuro".

iEsquencido dos fillosi
iBulrado dos alleosi
iAfundido na sombrai
iMagoado polo peso
dunha xustiza en feira
escrava do diñeiroi

Así se atopaba o labrego: vello, canso e aldraxado, cos fillos en terras alleas e os netos no paro, porque todo canto tiña quitoulo aquel amo. Na soleira sentado, un día ó solpor estaba.

-Lume no monte - . Un veciño berraba.

A roxa labarada a campía alumeaaba.

Bafaradas de fume, o ar espesaban.

As piñas estralan. Revoan as muxicas, cruzan a estrada

e o lume se espalla..

Nos ollos do vello refléxase a roxa labarada e rise por baixo, barulla e fala:

-iQue arda caralloi

-iXa non e meu i

-iÉ do seu amo i

